

ACTA INICIAL DO TRIBUNAL CUALIFICADOR DA SELECCIÓN PARA A 1 EDUCADOR-A FAMILIAR

Proceso selectivo: contratación temporal de 1 educador-a familiar.

No “Centro Socio Cultural – Auditorio” de Rianxo, ás doce horas, do día 24 de xuño de 2015, reúnese o Tribunal Cualificador que avaliará as probas selectivas para a elaboración contratación temporal de 1 educador-a familiar segundo as bases aprobadas pola Xunta de Goberno Local do día 30/04/2015 e tribunal aprobado pola Resolución da Alcaldía núm. 335/2015, do 22 de xuño de 2015, coa seguinte composición:

Presidenta: Rita Rey Somoza, traballadora social municipal (II)

Vogal: María Aurora Rodríguez Rey, AEDL auxiliar municipal (II)

Secretaria: Vicenta Avelina Campaña Martínez, auxiliar administrativa municipal (C2)

A presidenta constitúe o Tribunal e dá conta dos antecedentes do proceso:

Primeiro: o día 13 de maio de 2015 publícase nos dous diarios de maior difusión da Comarca a convocatoria da antedita contratación de persoal.

Segundo: o prazo para a presentación de candidaturas foi de cinco días hábiles tal e como establecen as bases e rematou o día 19/05/2015.

Despois disto, ás doce horas e dez minutos, realízase o control de asistencia á proba escrita e o acceso á sala na que se realiza a dita proba. Unha vez dentro explícaselles ás persoas aspirantes como se vai desenvolver o exame e fanse as aclaracións ao respecto da documentación que se lles presenta. Preséntanse 15 aspirantes.

Ás 12:20 horas iníciase o exame que remata ás 13:20 h.

Unha vez rematado o exame compróbase que non é preciso realizar a proba de coñecemento de galego establecida no punto 5.3 das bases de selección, porque todas as persoas aspirantes que se presentaron á proba escrita posúen o coñecemento de galego necesario para estar exentas da realización da dita proba.

O Tribunal reunírase de novo o venres 24/07/2015 nas dependencias municipais, ás nove horas, para valorar os exames e o resto da documentación xustificativa dos méritos alegados polas persoas aspirantes.

Non habendo máis asuntos que tratar, sendo as trece horas e vinte e un minutos, a Presidencia remata a sesión, da que se estende a presente acta, que será subscrita polos membros do Tribunal.